

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA VALORAR A ANULACIÓN DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA PRESENTADA PARA O ALLEAMENTO DE MADEIRAS CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 18 DE MARZO DE 2022, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL, POR EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO, SL PARA O LOTE 009/22 NO MONTE BARBANZA DE MOIMENTA

Data: 3 de xuño de 2022

ASISTENTES

José Manuel Santos Maneiro (xefe territorial da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña), presidente

Ofelia Rivas Vázquez (xefa do Servizo Xurídico-Administrativo, en calidade de suplente do xefe territorial da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña), vogal

Mónica M^a Garrote Rico (letrada asesora do Gabinete Xurídico Territorial da Delegación Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Coruña), vogal

Luís Manuel Vázquez Caruncho (interventor territorial delegado da Intervención Territorial da Delegación Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Coruña), vogal

Santiago Barros Fernández (xefe do Servizo de Montes da Coruña), vogal

ORDE DO DÍA

Anular a oferta presentada por Explotaciones Forestales Souto Carrillo, SL para o lote 009/22 no monte Barbanza de Moimenta.

DELIBERACIÓN

Como continuación ao correo electrónico enviado polo xefe do Servizo de Montes aos compoñentes da mesa o día 30 de maio de 2022 onde lles comunicaba que, por un problema técnico-informático, a oferta presentada por Explotaciones Forestales Souto Carrillo, SL de 32.917,80 €, non correspondía coa que realmente a empresa cargou no aplicativo, a mesa delibera na procura dunha solución.





A devantida empresa presentou unha oferta económica por 14.265,54€ e polo tanto non sería a adxudicataria do lote, xa que a oferta de Maderas Fontán, SL por 16.439,07 € é superior.

ACORDO

Logo de deliberar, a solución proposta pola mesa é solicitar da Amtega un certificado para xustificar a anulación desta oferta e que recoñeza e explique os erros producidos no aplicativo.

Ademáis, aínda que o madeirista está conforme, a mesa acorda que Explotaciones Forestales Souto Carrillo, SL deberá manifestar a súa renuncia por escrito.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE MONTES
Edificio Administrativo Monelos
R/ Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña
T: 981 184 671
servizo.montes.coruna@xunta.gal

